




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Altas. Sector: Ria de Ortigueira. Concello: Cariño. Parroquia: Santa María da Pedra na metade sur; San Bartolomeu de Cariño na norte. Extensión: 7,17 km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

A ampla cuncha de Cariño desenvolve unha unidade sedimentaria no medio dun sector xeralmente acantilado. A súa apertura e tamaño débese ao cruzamento de varias fracturas de dirección ONO-ESE e NNE-SSO. Hai así unha ampla chaira costeira semicircular que ascende polas ladeiras do bloque basculado da Capelada. Fronte costeira con extensa praia e conxunto dunar, modificados polas construcións portuarias e urbanas. Tras as dunas continúa a chaira cunha área deprimida e posterior ascenso cara á serra con pendentes moi suaves que aumentan ao mesmo tempo que a rede fluvial a secciona, especialmente no Rego de Murela. Esta, culminada nos Picotos e na Garita do Limo alcanza os 437 m snm e os 554 m snm respectivamente, os primeiros a só 2 km do mar e a segunda a 3 km da praia de Cariño. Ao norte de Cariño dominan os acantilados, de debuxo irregular e evidente dinamismo, quedando illotes e farallóns polo retroceso diferencial. As vertentes aumentan a súa pendente cara á Punta Gabeira.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Varias unidades litolóxicas sucédense de leste a oeste, pertencentes ao Complexo de Cabo Ortegal, do Precámbrico-Cámbrico: a máis oriental é de neises e ecloxitas, e comparte espazo cos gneises de dúas micas tipo Cariño na capital municipal; segue cara ao leste unha estreita banda de ecloxitas; e logo outra de rochas metabásicas granulita e anfibolita; no extremo occidental aparecen as ultrabásitas serpentinizadas da Capelada. O arco de Cariño posúe sedimentos areosos mariños e eólicos.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Unidade que experimenta unha transición climática de costa a interior, máis acusada no que respecta ao réxime de precipitacións. A primeira banda costeira, de dominio Cálido e Seco, presenta temperaturas medias anuais superiores a 15°C e precipitacións entre 800 mm e 1000 mm. Na vertente traseira hai un incremento nas precipitacións medias anuais (entre 1000 mm e 1200 mm) que definen un dominio climático Subhúmido. Finalmente, na área de cumios ao redor do Monte do Limo rexístranse as maiores precipitacións alcanzando os 1400 mm ao ano polo que se adscribe a un dominio Cálido-Húmido.

OS SOLOS

Arenosoles álbicos no complexo sedimentario de Cariño e antrososoles relacionados co núcleo urbano e as súas infraestruturas. Na vertente obsérvase unha interesante catena de cabeceira a fondo de val: leptosoles líticos na liña de cumios; regosoles e umbrisoles dísticos na ladeira superior; acrisoles órticos e procesos de gleificación nos solos das ladeiras inferiores, favorecidos por materiais básicos do substrato rochoso; e fluvisoles dísticos na base da cunca.


AS AUGAS

O arco costeiro de Cariño está formado principalmente polo val do Rego de Morela e outras valgadas de menor entidade que se desenvolven nas ladeiras dos montes do Limo e do Castrillón. As augas verten á masa de Augas Costeiras 20116.

O PATRIMONIO NATURAL

Costa do IBA Punta Candieira-Ría de Ortigueira-Estaca de Bares. Esquina sur e sector ao N. do espigón de Cariño co hábitat 1230, acantilados costeiros atlánticos. Este último tramo, tamén presenta o 1210, Vexetación anual sobre refugallo mariños acumulados. Unha praia ancha e tendida permite os hábitats 1110 e 1140, chairas lamacentos e areosos intermareais e submareais. A pesar da súa degradación o ambiente dunar (grupo 21, dunas marítimas atlánticas) é o que adquire especial relevancia. Tras as dunas, hai áreas hidromorfas (prados de 6420). Ao interior destacan varias masas de frondosas: ripícolas, 91E0, en Rego de Murela; nas ladeiras do Monte do Castrillón, unha masa labiríntica de frondosas de recolonización -9 ha-, que podería derivar tamén de antigas masas de soutos (9260) e carballeiras (9230). Nos cumes aparecen matogueiras e rochedos con comunidades relacionadas coa presenza de rochas básicas e ultrabásicas. Citas dos taxons Festuca brigantina subsp. actiophyta e Linaria agullonensis.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

O núcleo urbano de Cariño e a súa periferia, esténdense ao longo do sistema praia-duna que preside a fronte costeira da unidade, onde se localiza, ademais, o porto pesqueiro asociado ao núcleo citado. Cunha transición difusa, o uso residencial dá lugar ao uso agrario localizado sobre as suaves vertentes previas aos relevos correspondentes ao Monte do Limo, que supón o peche occidental da unidade. Nas zonas máis escarpadas, o uso dominante é o forestal, representado por especies de repoboación de diversa natureza. Cabe destacar, polo seu valor ecolóxico, importantes manchas de frondosas, ripícolas e de recolonización.

MORFOLOXÍA

O núcleo urbano e porto de Cariño, núcleo de identidade litoral, tanto no seu arco areoso como no bordo acantilado que se abre ao Cantábrico, son os ámbitos construídos máis importantes dos existentes na unidade. O núcleo caracterízase por un ámbito primixenio situado na parte alta, xunto ao acantilado, de traza urbana compacta, rúas estreitas e edificacións de pouca altura que se asoman ao bordo acantilado. Cara ao sudoeste, a zona urbana e periurbana expándese ao longo da estrada AC-1051 e ao redor do arco areoso ocupado pola praia e o porto. De variable densidade e traza inacabada, o núcleo de Cariño enfrontase ao reto de completar o seu crecemento sen perder a identidade que tanto o enclave natural no que se haxa como a morfoloxía orixinal lle confire. O crecemento deste núcleo enguliu no seu ámbito periférico os núcleos existentes ao sur deste que á súa vez foron crecendo apoiados na rede viaria existente.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada AC-1051 é a principal vía de comunicación terrestre. Procedente do sur, accede ao núcleo de Cariño e continúa ata o faro de Cabo Ortegal. Prevese a construción dunha vía rápida Cariño-Mera, que paralela a esta en zona urbana se aproxime ao bordo litoral ata o porto de Cariño. A estrada AC-2205, pola súa banda, permite o acceso ao núcleo dende o sudoeste e viceversa. O porto de Cariño posúe, na actualidade, unha marcada orientación pesqueira, aínda que é patente o interese en aumentar o seu carácter deportivo e de recreo para un uso turístico posto que isto suporía unha importante fonte de ingresos, fundamental para o municipio.

PATRIMONIO HISTÓRICO

En canto ao patrimonio de carácter arqueolóxico, destacan os castros de Punta do Castro e Monte Castrillón. O primeiro, de localización costeira, mentres que o outro, se localiza nos cumios occidentais, onde ademais se localiza a Mámoa de Chan do Lodeiro e a Garita do Limo. En canto ao patrimonio cultural catalogado, sobresaen as igrexas e casas reitorais de Cariño e da Pedra. O núcleo urbano de Cariño conserva un casco antigo que concentra importantes exemplos de arquitectura residencial, civil e industrial (vivendas, fontes e fábrica de conservas). Á marxe do núcleo urbano de Cariño, destacan o Pazo de Barreiros, e o asentamento da Pedra (cruceiro, fonte de Corredoira e ponte da Area).

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

O territorio da unidade caracterízase pola presenza do núcleo urbano de Cariño e a súa fachada marítima, caracterizada, á súa vez, polo amplo areal e sobre todo pola presenza do porto pesqueiro que orixinou o asentamento primixenio. Por iso a organización actual deste espazo xira ao redor das actividades produtivas relacionadas co mar -pesca e conserveiras- e moi recentemente, coa actividade turística. Existe unha distribución concéntrica dos usos a partir da Cuncha de Cariño ata cumios occidentais: usos turísticos, residenciais, agrarios e forestais sucesivamente. Os relevos citados, pertencentes aos contrafortes setentrionais da Serra da Capelada, enmarcan a unidade polo oeste e constitúen un fondo escénico que outorga unha destacada personalidade a este territorio.

DINÁMICA DA PAISAXE

A evolución dos usos e a paisaxe desta unidade vén determinada polos avatares históricos da vila mariñeira de Cariño. A finais do século XVIII a instalación de diversas industrias conserveiras provocou o crecemento poboacional e económico da zona apoiándose nestas explotacións conserveiras. O crecemento da trama urbana seguiu como eixes de referencia a fachada de praia e as vías de acceso, o que xerou unha diminución do mosaico agrario e a aparición dun asentamento espontáneo recente nas proximidades da praia de Basteira.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

O conxunto da unidade mantén un elevado valor paisaxístico derivado dun contexto natural complexo no que se dan cita elementos singulares litorais -arco de praia-duna e acantilados- e un val de suaves formas que se estende ao pé dos contrafortes da Serra da Capelada, que constitúe o límite occidental da unidade. Dende un punto de vista cultural, o núcleo de Cariño, é un claro exemplo de vila mariñeira de raíces antigas na que as actividades pesqueiras e conserveiras xogaron un papel determinante. Estas características, xunto á persistencia dun casco histórico de evidente calidade estética, levaron á consideración do núcleo de Cariño como Núcleo de Identidade do Litoral. Os importantes valores contidos na unidade xeraron unha potenciación das actividades turísticas, as cales pretenden aproveitar ese amplo abano de posibilidades ambientais, etnográficas e culturais que se dan cita neste territorio. O conxunto pode ser valorado persoalmente dende calquera dos relevos que circunscriben a unidade, aínda que existen varios miradoiros realizados para tal efecto na estrada que segue o cordal dos montes do occidente da unidade ou ben, dende o Monte Mazanteo, ao sur, considerado como Espazo de Interese Paisaxístico.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS





















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros



Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



